

PLAN ANUAL DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

2007

PLAN ANUAL DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO 2007

1. Breve repaso do Exercicio 2006:

- 2006, Seguimento obxectivos
- 2006, Cifras:
 - Instrumentos
 - Prioridades Sectoriais
 - Prioridades Xeográficas
 - Prioridades transversais

2. 2007. Marco estratéxico e Obxectivos

2.1 Marco estratéxico

2.2 Obxectivos 2007. Novas metas e continuidade

- Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara ó cumprimento de obxectivos
- Ampliación e ordenación dos instrumentos da Cooperación Galega
- Implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación
- Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega

3. Medios de Actuación 2007

1. BREVE REPASO DO EXERCICIO 2006:

O pasado ano 2006 tras acadar o previo informe favorable dos órganos de consulta e asesoramento da cooperación para o desenvolvemento que prevé a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o Desenvolvemento, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o I Plan Director da Cooperación Galega para o desenvolvemento, que abarca a planificación estratéxica para os vindeiros 4 anos, é dicir, para o período 2006-2009. Esta planificación estratéxica se concreta anualmente en plans de contido específico que van desenvolvendo operativamente os obxectivos fixados no Plan Director.

Na etapa intermedia do desenrolo do Plan Director, ós dous anos da súa implantación, establécese unha avaliación do traballo que permita a corrección das desviacións. A finais do exercicio 2007, comezará este proceso de avaliación exhaustiva para a súa presentación no 2008.

Para o primeiro exercicio, aínda que o pulo dos obxectivos do Plan Director é para todos eles, se seleccionaron parte dos seus obxectivos estratéxicos, e mais concretamente, algúns dos obxectivos específicos dos mesmos. Para interiorizar o realizado, e poder darlle continuidade á programación do 2007 en referencia ó ano 2006, faremos un breve repaso do executado durante o 2006, antes de establecermos os obxectivos para o segundo ano de vixencia do Plan Director:



2006 SEGUIMIENTO OBXECTIVOS

A primeira referencia que o Plan Anual 2006 fai é o establecemento do marco das actuacións da cooperación para o desenvolvemento dende a Misión definida no Plan Director cara a que se deberían enfocar os esforzos: *"a sociedade galega quere poñer a disposición dos pobos máis pobres do Planeta o que constitúe a súa experiencia histórica, os seus valores e a súa cultura, os seus activos e recursos, para combater a pobreza e promover o desenvolvemento integral, humano e sostible"*.

Sobre este marco de actuación, seleccionáronse varios obxectivos de entre os establecidos no Plan Director, que se entenderon como o mellor comezo desta nova etapa da cooperación galega, a saber:

Obxectivo 1: "REALIZAR UNHA POLÍTICA ACTIVA E INTEGRAL DE FOMENTO DO COÑECEMENTO DAS DESIGUALDADES DO MUNDO, DE SENSIBILIZACIÓN DA POBOACIÓN GALEGA PARA A SÚA SUPERACIÓN, E DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO".

Se estableceron polo tanto como prioridade anual, as actuacións en materia de Sensibilización, perseguindo a interiorización da responsabilidade que como país desenvolvido temos sobre a situación dos pobos empobrecidos. Para a consecución deste obxectivo estratéxico, nos centramos no desenrolo de varios dos seus obxectivos específicos. Seguindo a orde establecida no Plan Anual 2006, relacionaremos as actuacións previstas e realizadas cos obxectivos específicos correspondentes:

→ A creación dun **Plan de Comunicación** que estableza as bases do traballo plurianual dende os principios e obxectivos da cooperación galega, a través das "ideas forza", nas accións de comunicación financiadas pola Dirección Xeral de



Cooperación Exterior directa, ou indirectamente a través e de acordo cos axentes implicados.

A elaboración e posta en marcha deste Plan de Comunicación, incide directamente no establecido no Obxectivo Específico 1.3: "Normalizar a avaliación e seguimento do impacto das accións de comunicación realizadas". O Plan desenvolveuse sobre as seguintes premisas:

- Difundir, inicialmente con sorpresa e logo con naturalidade, todo o que os galegos e galegas están xa facendo xunto a outras persoas de moitos países para loitar contra a pobreza e as súas causas.
- Recoñecer á Xunta e á DXCE como principal donante da cooperación galega.
- Evidenciar a necesidade de facer cooperación como unha política de goberno prioritaria, como o resto de políticas sociais, e que reflicte o compromiso do novo goberno.
- Máxima coordinación entre actores. Idea forza de que só se pode facer boa cooperación traballando xuntos aquí e alí.
- En paralelo, e adaptando ó discurso a cada segmento da poboación, ir difundindo ideas mais complexas: responsabilidade compartida, dereito desenvolvemento, causas do empobrecemento.
- Elaborar un calendario de actuacións anual mesturando ideas forza, obxectivos e accións a difundir, da Xunta e do resto de actores.

Aproveitáronse as **celebracións de días internacionais** como foron: *Día da Paz, Día da Muller, Día do Cooperante e Día dos DDHH*, para a organización e participación en actos públicos que transmitiran o apoio ás ideas destacadas en cada un deles, todas coincidentes con cuestións transversais da cooperación galega.



É salientable o esforzo realizado na organización das *I Xornadas de Cooperación e Comunicación Social* onde expertos e profesionais analizaron conxuntamente con persoas interesadas, implicados do sector, e estudantes de xornalismo, os retos e as fendas da comunicación neste sector, así coma cómo combater a fragmentación e incluso a marxinalidade dos espazos que moitas das veces ocupan importantes iniciativas de cooperación para o desenvolvemento. Dita análise se fixo dende o punto de vista da responsabilidade dos medios, dos axentes comunicadores e das institucións. Esta acción relacionase directamente co Obxectivo Específico 1.4. "Identificar as pautas de comunicación que sustentarán as accións de sensibilización".

Desenvolvéronse así mesmo, e segundo o previsto no Plan, **tres Campañas de Comunicación** específicas, como apoio á continua información aportada ós medios:

- Coa Coordinadora Galega de ONGD: "Quen coopera e quen é o Cooperante".
- Co FOGACOSOL: "Milenio: somos miles a cooperar".
- Dende a DXCE: "Día Internacional dos DDHH".

→ **Creación da páxina web:** Paralelamente, e seguindo a indicación dos obxectivos específicos 1.2. "Fomentar redes de intercambio de experiencias de solidariedade" e 1.5. "Fomentar as accións de comunicación e sensibilización a través de Internet"; presentouse, na metade do ano, a primeira páxina web de cooperación para o desenvolvemento impulsada e xestionada dende a Xunta de Galicia (www.cooperaciongalega.org), cunha clara vocación de foro de información e intercambio que integra a súa vez o SIC (Servizo de Información á Cooperación), onde se pretenden recoller e compartir todas as iniciativas de cooperación que se desenvolvan desde Galicia, non soamente as financiadas dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, como un punto de partida para a avaliación e mellora da Cooperación Galega.

Tendo aínda retos e melloras por realizar, coma a presentación dos boletíns, as opcións idiomáticas, a amplitude de axenda, ou as presentacións telemáticas, xa se converteu nunha ferramenta importante da comunicación da institución e do sector.

Renóvase tamén a **imaxe corporativa**, atendendo ó Código de Conduta sobre Imaxes e Mensaxes a propósito do Terceiro Mundo, resaltando tamén, co novo logotipo, o vínculo necesario e permanente que debe unir ás diferentes realidades do mundo.

→ En referencia ás **Liñas Básicas Educativas**, (OE 1.1. "Fomentar a educación para o desenvolvemento normalizada e estable"), estase a aproveitar o momento de renovación dos curricula escolares, para incorporar, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dentro da materia de Educación para a Cidadanía, os contidos relacionados co desenvolvemento, e chegar así dun xeito normalizado e estable á transmisión da relevancia da loita contra a pobreza e as súas causas. Se pretende dar o salto cualitativo dende as campañas de concienciación, á interiorización e ó aprendizaxe.

→ A **Convocatoria de Axudas** para Actividades Formativas e de Sensibilización das ONGD incrementou a súa dotación nun 44% respecto ó ano 2005.

Obxectivo 2 do Plan Director. FORTALECEMENTO DE TODOS OS ACTORES DO SISTEMA GALEGO DE COOPERACIÓN. PROCURA DA INTEGRACIÓN E O TRABALLO CONXUNTO.

Dentro de este fundamental obxectivo, o Plan anual sinalaba tamén varias liñas de actuación enmarcadas en diferentes obxectivos específicos:

→ A **coordinación e a comunicación institucional** (OE 2.2. "Fortalecemento da capacidade directiva e de coordinación da Dirección Xeral de Cooperación Exterior no fomento do traballo conxunto entre Consellerías e departamentos da Xunta de Galicia, conseguindo unha maior eficiencia das actuacións"). No primeiro ano do novo goberno, se reuniron os tres órganos de coordinación e asesoramento da cooperación para o desenvolvemento, con todos os novos representantes institucionais, acadando o consenso necesario para a aprobación do I Plan Director da Cooperación Galega e o propio Plan Anual 2006 ó que estamos a facer referencia. É salientable a necesidade de seguir incidindo en temas coma a coherencia de políticas, e a coordinación nas iniciativas de cooperación, dentro do respecto ó Plan Director por todos aprobado, e da propia Lei 3/2003, do 19 de xuño.

Sectorialmente é moi destacable a creación dunha Comisión de asesoramento para os proxectos de cooperación para o desenvolvemento en materia pesqueira, que aporta a visión da viabilidade técnica dos mesmos, e o saber facer de moitos profesionais que xa levan tempo traballando en cooperación neste sector. Temos que ter en conta que a nivel institucional e debido o evidente máis valor do sector pesqueiro galego, son moitos os gobernos dos países cos que traballamos que nos solicitan asistencias técnicas así como o desenrolo de proxectos de transferencia de tecnoloxía e coñecemento pesqueiro. A propia *Agencia Española de Cooperación Internacional*, require continuamente o apoio dos recursos humanos que Galicia pode aportar neste sector; o exemplo mais palpable é que practicamente todos os proxectos do *Plan 2006-2007 Operativo Xunta de Galicia – AECI* son nesta materia.

Falabamos xa antes da comunicación coa Consellería de Educación, ó que podemos engadir iniciativas conxuntas con AGADER (Chimborazo, corporación do Chan – Chán Ecuador), coa Secretaría Xeral de Igualdade (Seminario Internacional de Mulleres da *Vía Campesina*), coa Secretaría Xeral de Comunicación (Xornadas Cooperación e Comunicación Social) coa Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade (*Euroescola 2006*); ou iniciativas individuais dentro das prioridades establecidas no Plan Director, como poden ser: Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (Imbabura, Ecuador), Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda (Sáhara), ou a Consellería de Sanidade (Viaxe á Vida, Terra de Homes).

No tocante á Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, o 2006 foi o ano da superación da etapa anterior, da reorganización da mesma e da fixación das bases para o traballo futuro. Iniciouse un proceso encamiñado á consolidación das estruturas institucionais e de coordinación, empezando polo establecemento físico nunhas dependencias propias, así como a definición das liñas operativas, loxísticas e formativas.

Comezouse pola reforma dos seus estatutos no relativo ó ámbito de actuación, fins e beneficiarios, na procura da prestación dunha axuda humanitaria rexida polos principios de vulnerabilidade e necesidade das poboacións afectadas polas crises humanitarias.

Co apoio da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, no 2006 realizouse, a través da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharahuí, un envío de medicamentos básicos a Tindouf, para paliar os danos provocados polas inundacións do mes de febreiro. No mes de maio, en coordinación coa AECI, se enviaron varios kits de emerxencia e acción inmediata a Indonesia, destinados ás vítimas do terremoto da Illa de Java.

A ampliación destas accións e a súa valoración e inclusión dentro do volume total de orzamentos adicados a Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia



será sen dúbida un dos obxectivos durante o 2007. No Sistema de Información á Cooperación (SIC) xa figuran os datos de aportacións de diferentes departamentos da Xunta de Galicia durante o 2005, como un primeiro paso para este proceso.

→ Sinerxías coa **Administración Local** (OE 2.5. "Fomentar as iniciativas conxuntas coa cooperación local e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade"); ademais da Campaña referida anteriormente, "Milenio: somos miles a cooperar", tamén se tivo en conta o traballo no exterior, que se no noso reflicte apoio os proxectos de municipalismo coma o que se está a desenvolver en Cabo Verde, e no que se abriu unha nova etapa co financiamento conxunto da *Formulación do Plan Operativo Cabo Verde 2006 - 2007*. Asemade, convén salientar o pulo a innovadora e exitosa experiencia de posta en marcha polo Fondo Galego de cooperación, do programa "Vacacións con traballo" grazas ao cal, 4 funcionarios de concellos galegos tiveron a oportunidade de participar en proxectos de cooperación.

→ **Proceso Completo:** directamente relacionado co OE 2.3: "Pulo das iniciativas de consolidación e fortalecemento a ONGD", e concretamente referido ó reto de que as ONGD subvencionadas na convocatoria de Fortalecemento, e os consorcios das mesmas completen o máximo de fases do ciclo de proxecto dende Galicia, valorándose positivamente o feito de aportar a planificación estratéxica de cada organización. Na devandita convocatoria, se incrementou a asignación en 20,5 puntos porcentuais.

→ **Iniciativa Universitaria:** (OE 2.6. Fomentar a integración entre as accións das universidades galegas e as realizadas polo resto de axentes e pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior).

No 2006 iniciáronse os contactos coas tres Universidades Galegas que entre outras cousas aportaron os datos da cooperación realizada dende ditas institucións durante o proceso de elaboración do SIC (Servizo de Información á Cooperación).



Coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade da Coruña se realizaron entre outras as seguintes accións:

- Tramitáronse dúas prazas para o desenvolvemento de Programa de Coñecemento da Realidade (PCR)
- Xestionáronse bolsas de especialización a traveso do programa UNITES de promoción do voluntariado das Nacións Unidas
- Subvencionáronse tres prazas para a formación de titulados latinoamericanos, no Máster de Cooperación da USC coa mediación da *Fundación Carolina*,
- E financiáronse oito estadias de tres meses no exterior para os alumnos que remataron dito Máster no curso académico 05/06.

Mantívose o apoio ó Curso de Postgrado organizado pola Universidade da Coruña e se comezou a apoiar tamén o referido Máster da USC. Así mesmo, colaborouse coa I Convocatoria de Investigación en Cooperación para o Desenvolvemento impulsada dende a Universidade da Coruña a traveso da súa Oficina de Voluntariado.

A implicación crecente da universidade galega na cooperación, demostrouse tamén na importante presenza dos seus representantes nas Xornadas desenvolvidas no mes de maio “Seminario sobre a cooperación en Galicia”, organizado pola Coordinadora Galega de ONGD co apoio da Dirección Xeral de Cooperación.

→ OE 2.7. **Promocionar espazos de encontro** entre actores que impliquen o Fortalecemento do Sector.

Para acadar este obxectivo promovéronse diversas accións, entre as que compre destacar o mencionado “Seminario sobre a cooperación en Galicia”, organizado pola Coordinadora Galega de ONGD, foi o primeiro encontro realizado polo sector coa

participación de membros da totalidade dos axentes do sector, e no que se presentaron ponencias coma o “Informe Cero da Cooperación en Galicia”, “As



Políticas de Cooperación ante os retos do século XXI”, se debateron en dúas mesas simultáneas, a “Presentación de Proxectos de Cooperación” e “O Comercio Xusto”, ou as Liñas Estratéxicas da Coordinadora Galega de ONGD.

O encontro e o fomento do diálogo entre os actores tamén se primou:

- Nas III xornadas anuais de Cooperación organizadas polo Fondo Galego de Cooperación, co patrocinio da Dirección Xeral de Cooperación
- Na presentación do proxecto de Plan Director polo presidente da Xunta de Galicia
- No encontro coa Secretaria de Estado para Cooperación Internacional
- Ou a celebración do Día do Cooperante.

→ No mes de abril publicouse a **Memoria 2005**, dispoñible tamén na páxina web, que coma en anos anteriores, recolle os proxectos e actuacións realizadas e con financiamento, neste caso maiormente, da anterior Subdirección de Cooperación Exterior.

Obxectivo 6 do Plan Director. FOMENTO DO COMERCIO XUSTO E O CONSUMO RESPONSABLE

No Plan Anual 2006 se recoñece o estado da implantación do Comercio Xusto e o Consumo Responsable en Galicia nunha etapa inicial, se considera tamén, a inminente necesidade de impulso dende as institucións, en directa relación coa sensibilización e información da poboación, entendendo que nas sociedades de consumo, a suma de accións individuais constitúe unha verdadeira capacidade de presión para o logro dunhas relacións comerciais máis xustas e equitativas.

→ **Plan de Implantación:** Obxectivo Específico 6.1. "Elaboración dun plan de implantación e comercialización do comercio xusto" e Obxectivo Específico 6.3. "Fomentar a relación con empresas da economía social galega". Para a elaboración deste Plan, se consensuaron os requisitos do estudo, coas entidades especializadas no Comercio Xusto que traballan en Galicia. Este está sendo realizado por unha empresa consultora e atópase agora mesmo en proceso de finalización. O obxectivo do mesmo é *elaborar un instrumento de información sobre a realidade da oferta do comercio xusto de Galicia e de reflexión estratéxica sobre os problemas ós que este sector se enfronta para proceder así a deseñar unha política pública de desenvolvemento do sector*. Trala aplicación das conclusións, o seguinte paso terá xa que traballar o ámbito da demanda.

→ **Difusión** (OE 6.2. "Apoio na difusión da realidade, características e obxectivos do comercio xusto").

En cumprimento do mesmo, apoiáronse diversas campañas de sensibilización coma foron: coa ONGD Amarante, o "Programa Bo Café" e a "Campaña Con sumo Sentido" (06-07); coa Cova da Terra "O comercio xusto, o consumo responsable e a economía solidaria como alternativas reais" (06-07), con Solidariedade Internacional "Campaña para o desenvolvemento sobre consumo responsable e



comercio xusto" (06-07), e coa Coordinadora Galega de ONGD "Comercio Xusto para Todas para Todos en Todas Partes".

→ Outra ferramenta para o impulso das iniciativas de Comercio Xusto, foi a **valoración explícita** do Consumo Responsable e o mencionado Comercio Xusto introducida nas convocatorias, especialmente na de Sensibilización e Educación para o Desenvolvemento, así como na de Fortalecemento.

→ **Comezar por un mesmo:** (OE 6.5. Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable dentro da Administración pública galega). Se empezou pola difusión interna das posibilidades do Comercio Xusto, utilizando produtos para agasallos institucionais (Euroescola, postais do Nadal), e apoiando as iniciativas das ONGD especializadas para a introdución do café de comercio xusto nas dependencias públicas (Parlamento de Galicia). Como xa se explicou, o informe está na fase final de elaboración as conclusións do mesmo serán aplicadas no presente e futuros exercicios.

Inclúese de seguido, unha táboa resume do avance de cada un dos obxectivos do Plan Director durante o 2006.



SEGUIMIENTO OBXECTIVOS PLAN DIRECTOR DA COOPERACION GALEGA 2006 A 2009

		2006
		Accións realizadas
1. Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento		
1.1 Fomentar a educación para o desenvolvemento normalizada e estable	Contacto inicial Consellería Educación para accións conxuntas Educ.Cidadanía Aumento 44% convoc. sensibilización	
1.2 Fomentar redes de intercambio de experiencias de solidaridade	Convenio Coordinadora Galega ONGD Convenio Fondo Galego de Cooperación 16 bolsas prácticas en terreo e 2 cooperantes. A través de axentes envío persoal para PCR, funcionarios municipais, etc	
1.3 Normalizar a avaliación e seguemento do impacto das accións de comunicación realizadas	Preparación enquisa para realizar no 2007 Campañas de comunicación "Quen coopera e quen é cooperante" (Coordinadora ONGD), Revirando o Milenio (Fondo Galego) e propia (Día dos Dereitos Humanos)	
1.4 Identificar as pautas de comunicación que sustentarán as accións de sensibilización	Elaborado con principios da Cooperación feita dende a Xunta de Galicia. Xornadas de Cooperación e comunicación co Clube de Prensa	
1.5 Fomentar as accións de comunicación e sensibilización a través de Internet	www.cooperaciongalega.org	
1.6 Implementar encontros de deseño e avaliación entre os axentes implicados nas accións de sensibilización		
2. Fortalecemento de todos os actores do sistema galego cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto		
2.1 Fortalecemento técnico e humano da unidade responsable da política de axuda	Incorporación persoal técnico na DXCE (1) e en Centroamérica (1)	
2.2 Fortalecemento da capacidade directiva e de coordinación da Dirección Xeral de Cooperación Exterior no fomento do traballo conxunto entre Consellerías e departamentos da Xunta de Galicia, conquirindo unha maior eficiencia das actuacións	Realizadas, ou en curso accións coas Consellerías de Medio Ambiente, Pesca, Vivenda, Desenvolvemento Rural, Sanidade Educación, Secretaría Xeral da Igualdade e coa D.X.Xuventude	
2.3 Pulo das iniciativas de consolidación e fortalecemento a ONGD	Aumento 20,5% convoc.Fortalecemento	
2.4 Fortalecer a Coordinadora Galega de ONGD's	Realizada. Financiamento 3 técnicos e actividades	
2.5 Fomentar as iniciativas conxuntas coa cooperación local e co Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade	Programa cooperación Cabo Verde e Sensibilización	
2.6 Fomentar a integración entre as accións das universidades galegas e as realizadas polo resto de axentes e pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior	Financiamento accións na UDC (Oficina de voluntariado e cooperación e Curso Especialización en xestión de ONGD) e na USC (Oficina Voluntariado e Master Cooperación Internacional)	
2.7 Promocionar espazos de encontro entre actores que impliquen o fortalecemento do sector	Encontro Laias da Coordinadora ONGD. Xornadas auais Cooperación do Fondo Presentación Plan Director a axentes Encontro coa Directora Xeral da AECI Xuntanzas para posta en marcha do SIC	
2.8 Potenciar a colaboración e o traballo conxunto entre os actores en todos os medios de axuda	Realizado. Se potenciará na elaboración dos Plans de Actuación País	
2.9 Elaborar un Informe Cero e unha memoria anual sobre a cooperación galega para o desenvolvemento.	Presentada memoria 2005 Deseño e elaboración Sistema de Información da Cooperación (SIC) 2006	



SEGUIMIENTO OBXECTIVOS PLAN DIRECTOR DA COOPERACION GALEGA 2006 A 2009

	2006
	Accións realizadas
3. Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara o cumprimento de obxectivos	
3.1 Desenvolver un Plan Anual de Avaliacións Externas da axuda	Contratadas avaliacións puntuais. Recopilación información
3.2 Organización de encontros de Avaliación dos proxectos por país e/ou sector de actuación	Xornadas avaliación Perú co Fondo Galego de Cooperación
3.3 Potenciar cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores da Cooperación Galega	Financiados cursos específicos organizados por ONGD, pola Coordinadora de ONGD e polas universidades de Coruña e Santiago
3.4 Reforzar a investigación das causas do subdesenvolvemento, os novos xeitos de cooperación e o aumento da calidade e da experiencia compartida da Cooperación Galega	Financiada primeira convocatoria investigación da UDC. Posta en marcha do sistema de Información da Cooperación (SIC)
3.5 Utilizar as accións de avaliación e mellora técnica como ferramenta para favorecer o tecido galego de cooperación	Primeira na contratación de accións de avaliación, identificación e formación
3.6 Incrementar as bolsas de formación nas OTC, en organismos de cooperación e financiar a contratación de cooperantes especializados	Duplicado volume de bolsas. Contratación cooperantes para Centroamérica e Mozambique no marco de programas da AECI
3.7 Facilitar a participación de funcionarias e funcionarios da Administración Pública galega en iniciativas de cooperación ao desenvolvemento	Financiado Programa vacacións con traballo do Fondo Galego de Cooperación para funcionarios municipais. Iniciado desenvolvemento programa "Rede Galega de Funcionarios Cooperantes"
4. Ampliación e ordenación dos medios da Cooperación Galega	
4.1 Potenciación das liñas de financiamento a ONGD e outros axentes de cooperación	Aumento 12,7% convoc. ONGD. Aumento 44% convoc. Sensibilización Aumento 20,5% convoc. Fortalecemento
4.2 Simplificar procedementos burocráticos na xustificación de proxectos, substituíndoos por seguimento e avaliación no cumprimento eficiente de obxectivos e impacto no terreo	Introducción medidas simplificación no proxecto de Lei de Subvencións que permitan a simplificación
4.3 Fomentar a normalización de procedementos e formularios de solicitudes de subvencións	Iniciada. Adaptada a toda a formulación de convenios
4.4 Optimización do recurso aos convenios	Utilizado so en accións nas que se fomenta o cumprimento dos obxectivos do Plan Director e onde non sexa posible acceder coas convocatorias esablecidas. Implantado procedemento e formulario como nas convocatorias. Elaborado borrador convocatoria microproxectos
4.5 Modificación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación	En fase de preparación previa ao envío aos axentes, incluíndo o proceso para a súa depuración.
4.6 Fortalecemento da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia	Realizada. En funcionamento en canto a medios e persoal
4.7 Reformular a convocatoria de Axuda Humanitaria e de Emerxencia	Eliminada, non pertinente unha convocatoria semellante.



SEGUIMIENTO OBXECTIVOS PLAN DIRECTOR DA COOPERACION GALEGA 2006 A 2009

		2006
		Accións realizadas
5. Implicación e procura de sinerxias cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación		
Desenvolvemento rural		Iniciadas accións dende Agader. Financiados cursos de formación sobre o sector
Pesca		Financiados diversos proxectos nos que están implicados moitos actores da pesca galega, especialmente co apoio decidido da Consellería de Pesca
Medio ambiente		Continuación e prantexamento de novas accións dende a D.X Desenvolvemento Sostible. En fase de identificación de accións cos departamentos ou institucións da Xunta de Galicia implicadas
Desenvolvemento tecnolóxico		Contactos iniciais. Prantexadas posibles accións de transferencia de tecnoloxía en materia de Pesca e Acuicultura e nexias alternativas
Economía social		
Codesenvolvemento		Contactos iniciais con entidades de atención a inmigrantes para fortalecer accións de codesenvolvemento. Financiamento de curso de formación a través da Coordinadora de ONGD
Descentralización política		
6. Fomento do comercio xusto e o consumo responsable		
6.1 Elaboración dun plan de implantación e comercialización: comercio xusto		Contratada consultora e consensados termos de referencia coas ONGD implicadas
6.2 Apoio na difusión da realidade, características e obxectivos do comercio xusto		Apoio as campañas de Amarante, Solidariedade Internacional, A cova da Terra e a Coordinadora de ONGD
6.3 Fomentar a relación con empresas da economía social galega		
6.4 Apoiar ao comercio xusto en todos os medios de axuda		Se incluíu nas de Sensibilización e fortalecemento especificamente
6.5 Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable dentro da Administración pública galega		Difusión interna agasallos (Euroescola, postais de nadal). Apoio iniciativas Amarante e Solidariedade internacional para difusión en institucións públicas (Xunta de Galicia, Concellos e Parlamento)
7. Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega		
7.1 Adicar un máximo do 70% dos recursos da cooperación aos 17 países prioritarios		88%
7.2 Adicar entre o 10 e o 20% dos fondos de cooperación a países considerados máis pobres (PMA)		17,90%
7.3 Buscar unha ponderación na asignación de recursos entre os países prioritarios		Se asignaron fondos a todos os países prioritarios agás Haití, Angola e Namibia
7.4 Elaborar para cada un dos países prioritarios un documento de estratexia de intervención		Prantexado proceso de elaboración e borrador Bolivia


2006 CIFRAS

Comparativamente, respecto ó ano 2005 as asignacións orzamentarias repartíronse como se detalla de seguido. Traballamos dende a cifra dos 6.993.728 €, tendo en conta que o orzamento total para o 2006 foi de 6.698.079 € (co capítulo I que abrangue persoal funcionario e eventual serían 7.095.168 €). É dicir, se fai a análise dende o orzamento comprometido, 2006/07, como se viña facendo anteriormente e para poder establecer correctamente as comparativas:

	CONVOCATORIAS	CONVENIOS	POA XUNTA AECI	CAPÍTULO VI	OUTROS (FAHG)
ANO 2005/06	3.861.049,20	1.728.552,09	634.500,00	235.000,00	120.000,00
ANO 2006/07	4.312.393,88	1.497.800,92	773.532,93	250.000,00	160.000,00
DIFERENCIA AB.	451.344,68	- 230.751,17	139.032,93	15.000,00	40.000,00
DIFERENCIA % 06/07	11,69	- 13,35	21,91	6,38	33,33


O detalle destas partidas e de todos os proxectos financiados durante o 2006 pódese consultar xa na páxina web www.cooperaciongalega.org, e se detallarán tamén na Memoria 2006 de vindeira publicación.

Segundo o esquema de reparto por **tipos de instrumentos**, as axudas se distribuíron do seguinte xeito; salientando o importante incremento dirixido á dotación das convocatorias de axuda: Proxectos no Exterior para ONGD, para Outros Axentes, Proxectos de Sensibilización e Educación para o Desenvolvemento, e por último de Fortalecemento de ONGD.



Na **división sectorial**, destaca especialmente o avance porcentual e absoluto en Sensibilización Social e Educación para o Desenvolvemento, así como, e especialmente, en Fortalecemento e Consolidación de Axentes, en consonancia co establecido no Plan Anual 2006 e co I Plan Director 2006-2009. Axustouse a proporción dedicada a Cobertura de necesidades sociais básicas, aínda que de xeito obrigado se mantén coma porcentaxe maior, aumentando tamén de maneira destacada as intervencións no sector de Infraestrutura e Promoción do Tecido Económico (incluso por riba do obxectivo), e quedando preto do mesmo no caso do Investimento no Ser Humano. Descendeuse, así mesmo un punto porcentual no caso da Defensa do Medio Ambiente e de xeito mais acusado na Axuda Humanitaria e de Emerxencia, aquí debemos ter en conta que durante o inicio do ano 2005 efectuouse un importante aporte a causa da devastación producida polo tsunami de decembro do 2004 no sureste asiático.

SECTOR	TOTAL 2006			% proposto 2006 - 2009	1998-2005
	Euros	Nº Proxectos	%	%	%
Cobertura das necesidades sociais básicas	1.965.110,25	25	28,10	27,00	32,80
Infraestrutura e promoción do tecido económico	1.727.139,69	25	24,70	21,00	16,47
Participación social, desenrolo institucional e bo goberno	796.548,84	9	11,39	16,00	11,96
Investimento no ser humano	825.845,87	8	11,81	12,00	8,99
Defensa do medio ambiente	374.219,00	3	5,35	7,00	6,53
Axuda humanitaria e de emerxencia	317.124,00	4	4,53	8,00	13,41
Sensibilización social e educación para o desenvolvemento	461.739,08	27	6,60	5,00	3,77
Consolidación e fortalecemento de Axentes	276.001,00	10	3,95	2,00	0,34
Sectores CAD non adscritos ós anteriores	250.000,00		3,57	2,00	5,74
TOTAL	6.993.727,73	111	100,00	100,00	100,00




Xeograficamente, observamos o importante crecemento das axudas cara ó continente africano, sendo Mozambique o terceiro país receptor das subvencións para proxectos no exterior. O incremento da porcentaxe cara a dito continente respecto o ano 2005 é de 8,72 puntos (de 16,49 % no 2005 a 25,21 % no 2006).

Hai unha nidia aposta por achegarse canto antes ao compromiso establecido no Plan Director de adicar entre o 10 % e o 20 % para os Países Menos Avanzados (PMA); dos 7 países africanos prioritarios, 5 son PMA: Mauritania, Senegal, Guinea Bissau, Angola e Mozambique – os que engadimos os campamentos saharauís - (Cabo Verde e Namibia son países de ingresos medio – baixos, por debaixo do posto 146 do IDH, segundo informe da ONU). Estes cinco países e os campamentos saharauís supoñen o 70,87 % do total destinado a África. Polo tanto a **porcentaxe asignada a PMA alcanza ó 17,87 %**, preto do 20% establecido como meta durante a vixencia do actual Plan Director.

Asemade, para o total dos países prioritarios a porcentaxe fixada é dun máximo do 70%, neste caso a porcentaxe é superada en 18 puntos porcentuais.



Incorporarase a valoración explícita para países preferentes (e non só prioritarios) nos requisitos das convocatorias de axuda para proxectos no exterior.



CONTINENTE	PAÍS / ZONA	PORCENTAXE
AMÉRICA do SUR	BOLIVIA	6,50
AMÉRICA do SUR	ECUADOR	11,63
AMÉRICA do SUR	PERU	18,08
AMÉRICA do SUR	URUGUAI	0,59
AMÉRICA do SUR	ARXENTINA	0,90
AMÉRICA do SUR	BRASIL	0,92
AMÉRICA do SUR	VIARIOS	0,94
AMÉRICA do SUR	SUBTOTAL	39,57
AMÉRICA CENTRAL	NICARAGUA	6,54
AMÉRICA CENTRAL	HONDURAS	1,96
AMÉRICA CENTRAL	GUATEMALA	6,89
AMÉRICA CENTRAL	O SALVADOR	5,52
AMÉRICA CENTRAL	CUBA	4,17
AMÉRICA CENTRAL	REPUBLICA DOMINICANA	4,64
AMÉRICA CENTRAL	VIARIOS	3,87
AMÉRICA CENTRAL	SUBTOTAL	33,59
ÁFRICA	MOZAMBIQUE	11,43
ÁFRICA	CABO VERDE	4,26
ÁFRICA	SENEGAL	1,69
ÁFRICA	GUINEA BISSAU	3,62
ÁFRICA	TERR. SAHARAUIS	1,12
ÁFRICA	MARROCOS	1,65
ÁFRICA	TANZANIA	0,85
ÁFRICA	VIARIOS	0,58
ÁFRICA	SUBTOTAL	25,21
ASIA	TIMOR LESTE	0,69
ASIA	INDIA	0,95
ASIA	SUBTOTAL	1,64
TOTAL		100,00

En canto ás **prioridades transversais**, cómpre facer referencia expresa á promoción da igualdade entre homes e mulleres. O I Plan Director da Cooperación Galega 2006- 2009 recoñece a necesidade de traballar a prol da eliminación das diferenzas entre mulleres e homes para conseguir un desenvolvemento máis xusto e eficiente. Esta necesidade, amosase imprescindible tras un ano de traballo dende a Dirección Xeral de Cooperación. Por isto, en tódalas actuacións e proxectos financiados, o enfoque transversal de xénero está ponderado, recoñecéndose a importancia do empoderamento así como do feito de que as mulleres están a ter un papel protagonista no desenvolvemento dos países do Sur, no propio Sur e en Galicia, onde a presenza das mulleres é salientablemente maioritaria no traballo efectivo dende as organizacións sociais. Este enfoque de primar os proxectos nos que se garanta a participación da muller, manterase en todos os Plans de Actuación por País que se levarán a cabo durante o 2007.

2. 2007: MARCO ESTRATEXICO E OBXECTIVOS

2.1. Marco estratéxico

O Plan Director da Cooperación Galega 2006 a 2009 establece os 7 Obxectivos estratéxicos que deberán dirixir a política galega de cooperación ó desenvolvemento.

Obxectivos estratéxicos

1. Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización e educación para o desenvolvemento:
 - Educación para o desenvolvemento normalizada e estable.
 - Redes de intercambio de experiencias de solidariedade.
 - Avaliación e seguemento do impacto das accións de comunicación.
 - Identificar pautas de comunicación compartidas.
 - Fomento de Internet.
 - Encontros de deseño e avaliación entre os axentes.
2. Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto:
 - Pulo da capacidade directiva e coordinación da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.
 - Traballo conxunto Consellerías – departamentos.
 - Iniciativas de consolidación e fortalecemento a ONGD.
 - Fortalecer a Coordinadora Galega de ONGDs .
 - Iniciativas conxuntas de cooperación local – FOGACOSOL.
 - Integración de universidades galegas e resto de axentes.
 - Encontro entre actores para o fortalecemento do sector.
 - Colaboración e traballo conxunto entre os actores.
 - Informe Cero e memoria anual da cooperación galega.
3. Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara o cumprimento de obxectivos.
 - Plan Anual de Avaliacións Externas da Axuda.
 - Encontros de Avaliación dos proxectos.
 - Cursos e formación integral para actores da Cooperación



- Investigación das causas do subdesenvolvemento, os novos xeitos de cooperación, e o aumento da calidade e da experiencia compartida da Cooperación Galega.
- Avaliación e mellora técnica do tecido galego de cooperación.
- Incrementar as bolsas de formación.
- Finanzar a contratación de cooperantes especializados/as.
- Participación do funcionariado.

4. Ampliación e ordenación dos instrumentos da Cooperación Galega.

- Potenciar liñas de financiamento a ONGD e outros axentes de cooperación.
- Simplificar procedementos burocráticos nas xustificacións.
- Normalización de procedementos e formularios.
- Optimización do recurso aos convenios.
- Modificación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación.
- Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.
- Reformular a convocatoria de Axuda Humanitaria.

5. Implicación e procura de sinerxias cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación.

- Desenvolvemento rural.
- Riqueza pesqueira.
- Medio ambiente.
- Enerxía alternativa e das comunicacións.
- Economía social.
- Codesenvolvemento.
- Descentralización política.

6. Fomento do comercio xusto e o consumo responsable.

- Plan de implantación e comercialización.
- Difusión da realidade, características e obxectivos.
- Relación con empresas da economía social galega.
- Apoiar o comercio xusto en todos os medios de axuda.
- Comercio xusto e consumo responsable na Administración.

7. Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega.

- Máximo 70% dos recursos aos 17 países prioritarios.
- 10-20% dos fondos a Países Menos Avanzados.
- Ponderación na asignación de recursos.
- Documento estratexia de intervención por cada país.

Para o ano 2007 as prioridades xeográficas, sectoriais e transversais, como non poderia ser doutro xeito, son aquelas enunciadas no I Plan Director 2006-2009 da Cooperación Galega.

Prioridades xeográficas

Os **criterios** que se seguiron na definición dos países prioritarios foron os seguintes:

- Outorgar crecente peso aos niveis de pobreza.
- Manter a axuda nos países nos que se ten experiencia de traballo conxunto.
- Fomentar a cooperación con áreas rexionais.
- Aproveitar vantaxes comparadas que ofrecen certos países.
- Proximidade á lingua e cultura portuguesa.
- Posibilidade de accións de codesenvolvemento.

As **áreas xeográficas** consideradas prioritarias son as seguintes:

- **ÁFRICA:** Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia, Senegal e campamentos saharauis.
- **AMÉRICA DO SUR:** Bolivia, Ecuador e Perú.
- **CARIBE:** Cuba, Haití e República Dominicana.
- **AMÉRICA CENTRAL:** Guatemala, Honduras, Nicaragua e El Salvador.

Ademais, considéranse países preferentes a Arxentina, Uruguai e Venezuela.

Prioridades transversais

- Declaración do Milenio.
- Dereito ao desenvolvemento.
- Igualdade entre homes e mulleres.
- Defensa da sostibilidade ambiental.
- Respecto polos dereitos humanos.

Prioridades sectoriais

- Cobertura das necesidades sociais básicas.
- Infraestrutura e promoción do tecido económico.
- Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno.
- Investimento no ser humano.
- Defensa do medioambiente.
- Axuda humanitaria e de emerxencia.
- Sensibilización social e educación para o desenvolvemento.
- Consolidación e fortalecemento dos Axentes da Cooperación.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Dirección Xeral de Cooperación Exterior



cooperacióngalega

SECTOR	% 1998 - 2005	% proposto 2006 - 2009 ^a
Cobertura das necesidades sociais básicas	32,80	27,00
Infraestrutura e promoción do tecido económico	16,47	25,00
Participación social, des. institucional e bo goberno	11,96	14,00
Investimento no ser humano	8,99	11,00
Defensa do medio ambiente	6,53	7,00
Axuda humanitaria e de emerxencia	13,41	8,00
Sensibilización social e educación ao desenvolvemento	3,77	4,50
Consolidación e fortalecemento axentes cooperación	0,34	1,50
Sectores do CAD non adscritos aos sectores anteriores	5,74	2,00
TOTAL	100,00	100,00

2.2. Obxectivos 2007. Novas metas e continuidade

Primeiramente, débese salientar o **incremento orzamentario** que a Dirección Xeral de Cooperación Exterior experimenta para o presente exercicio. Se ben non se chega ó 50% de incremento anual, establecido como mínimo polo Plan Director, o aumento, preto do 40 %, non ten precedente no noso país, e porá a proba a capacidade de xestión, tanto da institución en particular como do sector en xeral. Esta subida supón que o 0,09% do orzamento da Xunta de Galicia se adique á cooperación internacional.

Este é un incremento mínimo, xa que non ten en conta, por un criterio de prudencia, as partidas crecentes de Axuda Oficial ao Desenvolvemento que dende outros departamentos da Xunta de Galicia se están adicando á Cooperación internacional, e que permitirían achegarse substancialmente ao obxectivo do Plan Director.

Profundizar na identificación e coñecemento das partidas que se destinan a Axuda Oficial ao Desenvolvemento dende os distintos departamentos da Xunta de Galicia, e afondar na relación e no traballo conxunto entre os mesmos, continuando o traballo xa iniciado trala posta en marcha do Sistema de Información a Cooperación (SIC) coas partidas do ano 2005, semellan polo tanto obxectivos de importancia.

De novo facemos a reflexión de que este esforzo non o podemos facer sós, precisamos da total implicación de todos os axentes da cooperación e dos demais departamentos da administración autonómica, así como dos entes locais, nesta aposta sen precedentes na que debemos manter o impulso pola sensibilización, pola información e a comunicación á sociedade civil, para que a implicación e a esixencia siga medrando coa urxencia que a tarefa require.



Así, para o presente ano 2007, manterase o esforzo nas iniciativas postas en marcha durante o pasado ano, pois se trata de obxectivos nos que traballar a medio e longo prazo: Sensibilización e Educación para o Desenvolvemento, Fortalecemento do Sistema de Cooperación Galega e tamén no Apoio ó Comercio Xusto (Obxectivos 1, 2 e 6 do Plan Director), todos eles eidos de especial atención.

No obxectivo de Apoio ao Comercio Xusto, durante o primeiro semestre do 2007, se disporá do informe sobre a situación do mesmo e das súas perspectivas de crecemento en Galicia. Ao abeiro das súas conclusións se poderá dar o pulo definitivo a este obxectivo de fomento do comercio xusto e o consumo responsable. Tamén dentro da propia Administración Pública, introducindo criterios sociais e ambientais na contratación pública, como así quedou reflectido no *Acordo a prol da Responsabilidade Social Empresarial en Galicia*.

No 2007, se priorizarán especialmente os Obxectivos 3, 4, 5 e 7 do Plan Director.

Obxectivo 3. MELLORA DA CALIDADE TÉCNICA E OPERATIVA DO SECTOR. ORIENTACIÓN CARA Ó CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS

OE 3.1. Desenvolver un Plan Anual de Avaliacións Externas da Axuda.

OE 3.3. Potenciar cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores da Cooperación Galega.

OE 3.6. Incrementar as bolsas de formación nas Oficinas Técnicas de Cooperación da AECI e en organismos internacionais de cooperación, e financiar a contratación de cooperantes especializados.

OE 3.7. Facilitar a participación de funcionarias e funcionarios da Administración Pública galega en iniciativas de cooperación ao desenvolvemento.

► En referencia á elaboración dun **Plan de Avaliación Externa** das Axudas, preténdese pór en marcha, en vinculación cos Plans de Actuación por País (PAP) ós que mais tarde faremos referencia, centrándose no impacto, e en relación coa planificación orientada a resultados e dando comezo ó proceso avaliador dende a fase de identificación dos proxectos. Así mesmo, o desenrolo deste Plan, permitirá ó final do presente exercicio 2007, contribuír a análise intermedia prescrita polo I Plan Director 2006-2009 a cal definirá os pulos pendentes e as pertinentes correccións para o resto da vixencia do mesmo. É por isto, que durante o segundo semestre do ano, se sacará a concurso a realización das avaliacións dos proxectos financiados no ano 2005 e no ano 2006 nos principais países de intervención durante estes dous anos, entendendo como tais os 8 que no 2006 superaron un investimento conxunto, independentemente do instrumento, de mais do 5% do orzamento (Bolivia, Ecuador, Perú, Guatemala, El Salvador, Nicaragua, Honduras – por un criterio de rexionalidade- e Mozambique) e adicionalmente en función da capacidade orzamentaria, dos que superaron un 3% (Cuba, República Dominicana, Cabo Verde e Guinea Bissau)



► En canto á **potenciación da actividade formativa** para a mellora da capacidade operativa e técnica do sector, dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior xa se están a financiar as primeiras actividades formativas encamiñadas a dar a coñecer a metodoloxía de formulación, seguindo os criterios do marco lóxico, tanto de proxectos de cooperación ao desenvolvemento como de sensibilización.

En concreto, realizaranse un mínimo de 6 cursos durante o primeiro trimestre do ano, que terán lugar nas cidades de Coruña, Vigo e Santiago, tres deles centrados na formulación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e marco lóxico e outros tres relacionados coa formulación de proxectos de sensibilización. O obxectivo dos mesmos, que terán un carácter intensivo, é asegurar dun xeito teórico, pero sobre todo práctico, a formación dos asistentes tanto na formulación de proxectos de cooperación como de proxectos integrais de sensibilización.

Preténdese ampliar este tipo de oferta formativa, así como a implicación dos actores máis expertos do sector da cooperación para o desenvolvemento en Galicia:

- Universidades: Máster de Cooperación da USC e curso de Especialización da UDC. No marco do fomento da cooperación universitaria exposto mais adiante, está prevista a inclusión desta oferta formativa na Universidade de Vigo
- Escola Galega de Administración Pública, centrada na formación de funcionarios.
- Coordinadora Galega de ONGD, quen xa conta con persoal especializado para a asesoría na formulación de proxectos.
- ONGD especializadas.

Elaborarase un primeiro traballo conxunto sobre a **cooperación feita dende as universidades**, que culminará na organización das primeiras Xornadas de Cooperación Universitaria, nas que se pretende vincular o aporte que as propias universidades fan nos eidos do coñecemento e a tecnoloxía, e abordar as súas relacións con outros axentes de cooperación, a idoneidade dalgún tipo de consorcio

e o liderado na investigación das causas da pobreza e a sensibilización e implicación dun colectivo tan amplo e importante como é o estudiantado.

► O proceso de **incremento do número de bolsas de formación** de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento no exterior, está despegando neste ano 2007. Así, asignáronse recursos para a dotación de 8 bolsas de formación, 4 delas en Oficinas Técnicas de Cooperación (OTC) do exterior de entre os países prioritarios e outras 4 que combinan 6 meses de estadía na propia Dirección Xeral de Cooperación Exterior e outros 6 en terreo doutros tantos países prioritarios.

Asemade se financiarán tres bolsas de formación para funcionarios no Curso de Especialización e Xestión de ONGD da Universidade da Coruña, e no Máster de Cooperación da Universidade de Santiago de Compostela.

Se continuarán os contactos coa Unión Europea e con institucións multilaterais (como xa se fixo co Voluntariado Nacións Unidas a través das universidades de Santiago e Coruña, que recibiron dous bolseiros), para o envío futuro de bolseiros ou persoal en formación. No 2007 se comezará a difundir a través da web www.cooperaciongalega.org a oferta de prazas nestas institucións como outro punto de partida para incrementar a presenza de galegos e galegas en institucións multilaterais.

Adicionalmente, sairán a concurso 2 prazas para a contratación de técnicos de cooperación para os países preferentes: Arxentina e Uruguai, e Venezuela. A súa misión será a elaboración dos Plans de Actuación (PAP) de ditos países e a análise das posibilidades de actuación da cooperación para o desenvolvemento galega mais alá do vínculo coa emigración, pero dende o respecto das Comunidades Galegas como axentes da mesma segundo o establecido na Lei 3/2003. No futuro, a contratación de técnicos extenderase aos principais países prioritarios.

Teremos así 8 expatriados, de xeito ininterrumpido, que entre as súas tarefas terán a da constante comunicación con Galicia.



► A **Rede de Funcionarios Cooperantes Galegos**, permitirá a participación de funcionarias e funcionarios da Administración Pública galega en iniciativas de cooperación ó desenvolvemento: as de comisión de servizo ou de servizos especiais. Existe unha vontade constatada dentro do goberno autonómico, e dos propios funcionarios da súa administración, como se ven demostrando nas solicitudes de expatriación de profesionais para a realización de asistencias técnicas solicitadas polos gobernos dos países prioritarios; se ben ata o de agora teñen sido, a traveso de este tipo de vínculo, estancias máis breves; así temos como obxectivo para este ano 2007, acadar a participación de polo menos 10 funcionarios galegos, profesionais de diferentes sectores, preferentemente saúde, educación, medio ambiente e desenvolvemento rural, nos diversos proxectos e programas vixentes, e especialmente, nos financiados dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Xa está en curso o regulamento desta iniciativa.

Obxectivo 4. AMPLIACIÓN E ORDENACIÓN DOS INSTRUMENTOS DA COOPERACIÓN GALEGA

OE 4.2. Simplificar procedementos burocráticos na xustificación de proxectos, sendo substituídos por seguimento e avaliación no cumprimento eficiente de obxectivos e impacto no terreo.

OE 4.3. Fomentar a normalización de procedementos e formularios de solicitudes de subvencións.

OE 4.5. Modificación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación

► A **simplificación de procedementos burocráticos** está suxeita á redacción definitiva da nova Lei de Subvencións, e da sensibilidade que esta amose coas especiais dificultades nas que se desenvolve o traballo no exterior e en particular, nos países en vías de desenvolvemento. Entre as melloras incluídas no Proxecto de Lei de Subvencións de Galicia, actualmente en trámite parlamentario, atopamos a exención da obriga de presentación de garantías, a posibilidade de establecer sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida, así como a facultade de fixar nas bases reguladoras réximes especiais de xustificación e control.

► A **normalización de procedementos e formularios** de solicitudes nas subvencións xestionadas dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, estase comezando a aplicar non soamente no caso dos proxectos presentados ás convocatorias, senón tamén no caso dos convenios e actividades por concurso.

A homoxeneización basearase na aplicación da Metodoloxía do Ciclo de Proxecto do Marco Lóxico, empregada pola cooperación española e europea. Se pretende a unificación de criterios así como facilitar as labores de seguimento e avaliación; á finalización deste exercicio, todas as propostas, independentemente do instrumento financeiro, se tramitarán no mesmo formato. De feito nas diferentes

convocatorias do 2007 xa se homoxeneizarán os conceptos financiáveis, e se tratará de aproximar ós formularios ós da AECI ou UE.

Asemade, en relación con este obxectivo do Plan, pero tamén co Obxectivo 3 de mellora da calidade técnica e operativa do sector e a orientación cara o cumprimento de obxectivos, e en liña coa política de financiamento de procesos, convenios ou programas dende a Unión Europea ou dende a Axencia Española de Cooperación Internacional, porase en marcha a obtención dun tipo de **credencial de entidade cualificada** de carácter voluntario para os axentes rexistrados no que se certifiquen as súas capacidades e especializacións, e que estará especialmente vencellada á publicación dunha nova convocatoria de programas a medio e longo prazo que entrará en funcionamento no 2008.

A aposta por unha cooperación de calidade e a que se adicarán no futuro substanciais incrementos de recursos públicos, esixe implantar canto antes na nosa comunidade medidas xa recoñecidas polo sector noutras institucións de cooperación, con mais experiencia que a Xunta de Galicia. Estas medidas permitirán acceder canto antes a maiores cotas de eficacia e eficiencia da nosa cooperación, en liña co espírito de esixencia que xa presidiu a resolución das distintas convocatorias do 2006, e que, sen dúbida, deberá incrementarse no futuro, como así se recoñece dende todo o sector galego de cooperación e como así esixen os contribuintes galegos.

Este proceso de certificación, que non será reiterativo co xa establecido pola AECI, senón complementario e adaptado á realidade do sector galego de cooperación, será implantado contando coa opinión dos axentes implicados, e irá acompañado da ampliación das medidas de fortalecemento do sector xa avanzadas na convocatoria específica actual e noutras iniciativas de formación.

► En canto á **modificación do Decreto 326/2004**, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o



desenvolvemento, neste 2007 abordarase a posible modificación da composición do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Asemade, afrontarase a modificación e actualización do Rexistro Galego de Axentes da Cooperación, na procura da súa racionalización, asegurando que as entidades rexistradas desenvolvan un traballo efectivo e continuo de solidariedade internacional.

En ámbolos dous casos, como é preceptivo, antes da súa implantación se contará coa opinión do Consello Galego de Cooperación.

Obxectivo 5. IMPLICACIÓN E PROCURA DE SINERXÍAS COS SECTORES GALEGOS CON EXPERIENCIA DE VALOR PARA A COOPERACIÓN

Avogamos polo mecanismo da cooperación directa como ferramenta ou instrumento lexitimamente utilizable para a consecución dos obxectivos fixados no Plan Director, nos sectores e espazos prioritarios os que outros axentes galegos non chegan. Asegurar un maior impacto nas accións de loita contra a pobreza, mediante a realización de proxectos integrais nos que se garanta a implicación efectiva do máximo número posible de persoas, axentes de cooperación e institucións públicas, tanto en Galicia como nos países receptores da nosa cooperación.

É de obrigado entendemento que o marco de traballo, consensado polo sector e as institucións autonómicas e locais, está perfectamente definido no Plan Director e acotado xuridicamente pola Lei 3/2003.

No Plan Director se asume o desenvolvemento como un dereito dos pobos, do cal, cada un ten que ser protagonista. Actualmente, sempre que é posible e desexable, faise copartícipe e corresponsable no desenvolvemento e na apropiación dos proxectos ás institucións locais, rexionais ou estatais dos países cos que se traballa; concretamente no fundamental sector dos servizos sociais básicos, as institucións dos países receptores son fundamentais para garantir a sostibilidade e a apropiación dos proxectos, non sempre é así, pero no concernente a saúde e educación é practicamente imprescindible. Isto queda reflectido no noso apoio ás liñas de Fortalecemento Institucional. Son os propios gobernos dos Países en Vías de Desenvolvemento os que moitas veces solicitan o apoio, a orientación e o pulo inicial, para a posta en marcha de moitas iniciativas, nestes e noutros sectores.

A Cooperación Directa amósase coma un instrumento útil e necesario, na transferencia de tecnoloxía e coñecemento, a traveso da formación de persoal, da expatriación de profesionais cualificados en temas concretos ou na conversión dun bo proxecto nun programa a medio – longo prazo.

Temos que ver as vantaxes do traballo conxunto entre actores e institucións. A propia Lei 3/2003 establece nunha das súas Disposicións Adicionais, a previsión da oportunidade de creación dunha Axencia Galega de Cooperación ao Desenvolvemento. Neste 2007 abordárase o proxecto de creación da mesma. O obxectivo é crear un ente capaz de dar resposta ás especiais condicións nas que se realiza a actividade de cooperación para o desenvolvemento, que permita incrementar a capacidade e axilidade da administración autonómica para cumprir con eficacia os obxectivos establecidos na Lei 3/2003.

No momento de concreción do modelo, e antes de remitir proposta motivada ao Parlamento de Galicia, solicitarárase, tal e como a lei prescribe, a opinión dos axentes mais activos da Cooperación Galega.

De entre os sectores galegos que poden aportar mais valor, maiormente na transferencia de coñecementos, de tecnoloxía e de capacidades organizativas cara o exterior (e concretamente a educación, en Galicia, xoga un papel fundamental na sensibilización aquí). Para este ano 2007, nos centraremos especialmente nestes tres:

- xestión da saúde
- xestión da educación
- xestión integral dos recursos naturais e o medio ambiente

Falabamos durante o resumo do feito do 2006 da Comisión de Expertos creada para a avaliación, posta en marcha e seguimento dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento en materia pesqueira; pretendemos por en marcha outras tantas para cada unha das materias destacadas no Plan Director.

Con estas comisións e a institucionalización do seu funcionamento, se pretende, ademais de mellorar a calidade e polo tanto o impacto dos proxectos relacionados con cada unha das materias que desenvolven; comezar a traballar e facer incidencia na Coherencia de Políticas que se atopa no horizonte do noso Plan

Director, e de calquera estratexia coherente que pretenda avanzar cara o necesario cambio dalgunha das normas e premisas que rexen as vixentes Relacións Internacionais, sexan económicas, xurídicas ou políticas en xeral.

Durante o 2007 se porán en marcha ou continuarán accións de cooperación directa, ben de xeito individual, dende a Dirección Xeral ou en coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia, ou en colaboración coa AECI, según o detalle que se adxunta no apartado de Medios de actuación e Cooperación Directa.

Nos proxectos de cooperación compartidos coa AECI a traveso do Plan Operativo anual, se continuará na estratexia de crecente implicación na súa formulación, seguimento e xestión, coma vía de implicar a un crecente volume de técnicos galegos en labores de cooperación en terreo.

Obxectivo 7. ELABORAR ESTRATEXIAS PARA AS PRIORIDADES DA COOPERACIÓN GALEGA

OE 7.1. Destinar un máximo do 70% dos recursos da cooperación aos 17 países prioritarios.

OE 7.4. Elaborar para cada un dos países prioritarios, un documento de estratexia de intervención.

► Como se comentaba na análise dos datos que se desprenden da xestión do 2006, e en referencia o obxectivo específico 7.1, o mandato parlamentario fixou o 70% coma máximo para os países prioritarios, pretendendo non descoidar a atención a outros moitos países que segundo a Lei 3/2003 poden ser destinatarios das axudas.

Estableceranse criterios de valoración, tanto nas convocatorias como nas actuacións de cooperación directa, que comecen a correxir o exceso producido, valorando aos países preferentes, así coma especialmente a outros PMA non incluídos nos prioritarios, reforzando así a aposta do espírito do Plan Director e da propia Xunta de Galicia e cumprindo unha reivindicación histórica da maioría do sector de que un crecente volume de recursos se adique aos países e pobos máis empobrecidos.

► Este ano 2007, se adicará unha atención prioritaria ao OE 7.4: **Elaboración dos documentos estratéxicos de intervención** nos principais países prioritarios, e posteriormente nos preferentes. Estes documentos, denominados PAP ou Plans de Actuación por País, buscan definir unha estrutura común de formulación da cooperación para o desenvolvemento impulsada dende Galicia; evitar a dispersión das accións realizadas polos axentes de cooperación galegos e unha orientación progresiva cara a unha maior integridade e impacto da cooperación galega, un dos obxectivos e retos máis urxentes para todo o sistema internacional de cooperación e de loita contra a pobreza.

Préténdese crear así, o fío condutor á hora de fixar as accións a desenvolver nos países prioritarios e preferentes, aglutinando a experiencia dos actores en cada unha das



zonas, funcionando como base común, suxeita a mellora e revisión, e que terá en conta as estratexias doutros doantes especialmente próximos, como os DEP (Documentos Estratexia País) da AECI, as actuacións da Unión Europea e do PNUD e por suposto as políticas de desenvolvemento de cada un dos países.

Deben de ser ferramentas vivas, suxeitas a revisión, ampliación e concentración dos impactos. Por iso a súa vixencia se establece en catro anos, período 2007 – 2010, revisándose a súa utilidade co galo da elaboración do novo Plan Director da Cooperación Galega 2010 a 2013

A elaboración dos PAP, que se desenvolverá ao longo do presente 2007, contará evidentemente coa implicación decidida dos axentes representados no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e será a base para que durante o 2008 se dea o impulso definitivo a Convocatoria de Programas de Cooperación a medio e longo prazo.

3. 2007, MEDIOS DE ACTUACIÓN:

Nos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia aprobados para o 2007, a dotación destinada para cooperación para o desenvolvemento dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, ascende a 9.372.343 euros, importe que representa un incremento do 40% sobre o 2006.

Este monto total distribuirase do seguinte xeito:

- Un 67,7% destinarase as convocatorias públicas de axudas dirixidas a proxectos de cooperación no exterior, de sensibilización e educación, de consolidación e fortalecemento de ONGD e de microproxectos.
- Un 21,8% destinarase ao cofinanciamento de proxectos de cooperación, formación e sensibilización, a través da subscrición de convenios con entidades (principalmente institucións) galegas e do exterior.
- Un 7,5% destinarase ó financiamento de proxectos conxuntos coa AECI a través do Plan Operativo Xunta - AECI 2007-2008
- Un 3,3 % destinarase a outras actividades de difusión da cooperación galega: paxina web, campaña de comunicación, publicacións, etcétera; ou para a labores de identificación, avaliación e seguimento de proxectos.

En todas as convocatorias se tiveron en conta as propostas dos axentes da cooperación implicados. Mantendo a importancia en canto o peso que o sector das ONGD teñen nas mesmas, pero tendo en conta a importancia que outros axentes de cooperación galegos, especialmente universidades e empresas, están a ter na formulación e seguimento de proxectos dende a nosa comunidade. Esta **participación homoxénea dos distintos axentes** cara a realización de proxectos integrais se prima en todas as convocatorias, permitindo os consorcios entre os distintos axentes, e non so entre cada un deles como ocurría ata agora.



A importancia crecente do primeiro obxectivo do Plan Director cara a realización dunha política activa de **sensibilización da poboación galega** sobre a súa cooperación e as causas da pobreza, non se limita a aumentar as partidas destinadas a tal fin, senón que recoñecendo co conxunto do sector a súa vital prioridade para a garantía do futuro incremento de fondos, valórase como unha parte integrante dos proxectos de cooperación. A oportunidade de homoxeneizar os criterios de gastos cos da AECI e a Unión Europea, permite tamén o reaxuste e maior claridade na imputación de gastos indirectos, donde se inclúe este apartado, non detraendo en ningún caso a partida adicada á propia cooperación exterior.

► Convocatoria para a Execución de **Proxectos de Cooperación para o Desenvolvemento no Exterior realizados por ONGD:**

- Dotación: 3.720.000 aumenta o 20%
- Se financia ata 160.000 €, por proxecto, 350.000 € en consorcio
- Adaptación AECI+UE no criterio de gastos/conceptos financiáveis
- Fináncianse gastos de identificación, avaliación e seguimento; incluso auditorías a partires de certa cantidade
- Poden consorciar con calquera outro axente
- Se valoran as estratexias de continuidade e de Comunicación dos proxectos en Galicia
- Mantense o requisito dun ano de antigüidade no Rexistro



► Convocatoria para a Execución de **Proxectos de Cooperación para o Desenvolvemento no Exterior realizados por Outros Axentes:**

- Dotación: 1.600.000 €, aumentan o 39%
- Se financia ata 130.000 € por entidade, 200.000 en consorcio
- Adaptación AECI+UE no criterio de gastos/conceptos financiáveis
- Fináncianse gastos de identificación, avaliación e seguimento; incluso auditorías a partires de certa cantidade
- Poden consorciar con calquera outro axente
- Se valoran as estratexias de continuidade e de Comunicación dos proxectos en Galicia
- Se valoran países preferentes
- Financiamento da participación de persoal docente universitario
- Se mantén o requisito dun ano de antigüidade no Rexistro

► Convocatoria para **Actividades Formativas e de Sensibilización** en materia de Cooperación para o Desenvolvemento

- Dotación: 400.000 €. Aumenta o 23%
- Finansiase ata 20.000 € por proxecto, 40.000 € en consorcio
- Poden consorciar con calquera outro axente
- Prímase a contratación de persoal propio na convocatoria de Fortalecemento, eliminándose da de sensibilización
- Céntrase o financiamento en Actividades e Impacto
- Valóranse as actuacións no rural
- Segue puntuando o Comercio Xusto
- Mantense o requisito dun ano de antigüidade no Rexistro



► Convocatoria para a **Consolidación e o Fortalecemento *Organizacións non Gubernamentais de Cooperación para o Desenvolvemento***

- Dotación: 300.000 €, aumentan o 15%
- Finansiase ata 18.000 € no caso de entidades con Delegación en Galicia
- Finansiase ata 25.000 € no caso de entidades con Enderezo Social Galego, primándose tamén este tipo de entidades en canto o financiamento de actividades de fortalecemento en areas como a cooperación, comercio xusto ou captación de fondos.
- Potenciase o financiamento de Gastos de Persoal asociado a estratexia da entidade
- Mantense o requisito dun ano de antigüidade no Rexistro

► Convocatoria de Subvencións para a realización de **Microproxectos: CAP**

Esta convocatoria, de tipo aberta e permanente, elaborárase no primeiro semestre do ano, cunha dotación prevista de 300.000 €. Permitirá o financiamento de pequenas accións de cooperación, como un primeiro paso para incrementar a capacidade e a experiencia na xestión de proxectos no exterior, por parte do tecido galego. Se prevé un límite financeiro de 20.000 € por acción, primando especialmente aquelas actuacións en Países Menos Adiantados

► Cooperación Directa: Convenios, Plan Operativo Xunta AECI e Bolsas

Como xa se dixo anteriormente, a necesidade da cooperación directa dende a Xunta de Galicia, comezase a facer efectiva a partires do 2007, como ferramenta dos seus diversos departamentos, para a consecución dos obxectivos fixados no Plan Director, nos sectores e espazos prioritarios os que outros axentes galegos non chegan. e nos que se asegure un maior impacto nas accións de loita contra a pobreza, mediante a realización de proxectos integrais nos que se garanta a implicación efectiva do máximo número posible de persoas, axentes de cooperación e institucións públicas, tanto en Galicia como nos países receptores da nosa cooperación.

Tamén se inclúen neste apartado a duplicación das bolsas de formación durante o 2007 ou todas aquelas accións de fortalecemento ou sensibilización a través dos representantes dos distintos axentes galegos de cooperación como a Coordinadora Galega de ONGD ou o Fondo Galego de Cooperación, ou directamente a axentes como as Universidades galegas o a Axencia Humanitaria de Galicia.

A través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, a parte da axuda que se preste ante unha eventual emerxencia, vehicularizaránse aquelas solicitudes de apoio que, tendo un evidente compoñente de axuda humanitaria, sexan remitidas por entidades dos países do Sur.

Durante o 2007 se porán en marcha ou fomentarán substancialmente, accións de cooperación directa, ben de xeito individual, dende a Dirección Xeral, en coordinación ou por outros departamentos da Xunta de Galicia, ou en colaboración coa AECI. O orzamento que se prevé destinar a este apartado será de 2.750.000 euros, a repartir entre Convenios Directos, Plan Operativo Xunta-AECI 2007 e bolsas de formación.

As principais accións prantexadas serían as seguintes:



- Programa Pesca Centroamérica, a través de OSPESCA e os gobernos de Nicaragua, Honduras, El Salvador, Nicaragua e, en menor medida, Costa Rica e Panamá. Implicará o investimento de 850.000 Euros nos exercicios 2007 e 2008 dende a Xunta de Galicia, coa garantía da AECI de investir outro 1.700.000 Euros nos dous anos.
- Guatemala: Proxecto integral de desenvolvemento no departamento de Retalhuleu.
- Mozambique: Fortalecemento institucional e investimento nas áreas de pesca e saúde.
- Mauritania: Fortalecemento institucional do Ministerio de Saúde.
- Uruguai: Fortalecemento do sector lácteo latinoamericano (fase de identificación)
- Perú: Investigación ecolóxica do Vibrio na costa e implicacións epidemiolóxicas.
- Nicaragua: Proxecto integral de formación técnica e ocupacional de mozos con escasos recursos dos departamentos de Chinandega e Managua.
- Ecuador: Fortalecemento do sector pesqueiro artesanal e promoción do tecido económico xunto á Axencia de Desenvolvemento da provincia de Manabí. E programa desenvolvemento do territorio do Chan Chan (baixo a coordinación de AGADER)
- Cuba: Apoio a reconstrución de centros de servizos sociais básicos: 6 garderías na Habana; escolas, garderías e un centro de maiores así como vivendas en Santiago de Cuba. En colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Haití: Proposta de apoio o goberno haitiano para o desenvolvemento dun programa de capacitación para pescadores artesanais no sureste do país (Pedernales); así como apoio no desenvolvemento normativo do sector.

A través do Plan Operativo da AECI, ao que se adicarán 700.000 euros, se seguirán cofinanciando accións xa tradicionais nos sectores de pesca, medio ambiente e desenvolvemento forestal, sempre co enfoque transversal de xénero e de fortalecemento institucional. Como xa se comentou, continuando a estratexia xa escomenzada no exercicio 2006, a implicación neste Plan xa non é só financeira senón que sobre todo está incidindo na formulación e execución conxunta dos proxectos, asegurando a implicación de galegos e



galegas con coñecemento experto e nalgún caso liderando iniciativas de cooperación conxunta. Prantexarase con este fin a intervención en sectores como a saúde ou a educación básica.

Durante o ano 2006, iniciáronse contactos coas institucións responsables da cooperación noutras comunidades autónomas, xenéricamente a través da Comisión Interterritorial da Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional, e especificamente coa Junta de Andalucía, a Generalitat de Catalunya ou o Goberno de Asturias. No 2007 se ampliará esta relación co obxectivo do aprendizaxe mútuo e de levar a cabo posibles iniciativas conxuntas. Farase fará tamén unha aproximación á Cooperación Oficial portuguesa para identificar futuras colaboracións, especialmente en países lusófonos e de xeito concreto en Mozambique.

Do mesmo xeito, durante o 2007 seguiranse abrindo iniciativas con outras institucións de cooperación, comezando coa Unión Europea pero afondando tamén en espazos de cooperación multilateral nos que xa se están prantexando iniciativas: Ospesca, Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID), a Organización para a Educación Iberoamericana (OEI) ou mesmo Unicef ou Acnur. En todas estas accións se terá en conta o mesmo requisito que a colaboración coa AECI, que ista non sexa meramente de transferencia de fondos senón que supoña unha implicación práctica na xestión dos proxectos de axentes da cooperación galega ou, como di o Obxectivo 5 do Plan Director, da procura de sinerxias cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación.